

a Vila de Redondela

guía de visita



O actual armazón de rúas e prazas ten a súa orixe no medieval. O Camiño de Santiago e a liña de ribeira serán as dúas arterias que marcan o desenvolvemento urbanístico. Un gran barrio mariñeiro vaise formando ao abeiro do porto, extramuros do principal núcleo urbano, ao que se accedía por diferentes portas e portelos. A presenza da muralla está documentada cando menos desde o século XIV.



PREGO DE MONTAOS

Liñaxe de orixe medieval cuxas armas aparecen na maior parte das casas brasonadas da vila. Foron casteleros da fortaleza de Castrizán e no século XVI fundaron o Convento de Vilavella.

Notas:



Desde o ano 2017 exhibese na Casa da Torre a Colección Adriano Marques de Magallanes de louza da Real Fábrica de Sargadelos.



- Vilanova**
- Barrio Mariñeiro
- Antiga Marisma
- Antiga Muralla
- Camiño de Santiago
- Construción Histórica
- Viadutos
- Hórreo
- Cruceiro
- Casa Mariñeira
- Oficina de Turismo

1. Viaduto a Madrid

Construído entre 1872 e 1876 por Parent Schaken Hovel & Caillet (despois Compagnie de Fives - Lille). Durante moito tempo foi coñecido como “O Viaduto de Redondela”.

2. Pazo de Petán ou de Santa Teresa

Leva o escudo dos Prego de Montaos. Xa existía no s. XVII e de antigo era coñecido como “A Granxa de Vilavella”. No s. XX foi reformado polo industrial do téxtil José Regojo, quen lle pon o nome de Pazo de Santa Teresa.

3. Casa Royalty

De principios do s. XX, de estilo Art Nouveau, é atribuída ao arquitecto francés Michel Paczevich para a familia de Justo Tojeiro. O traballo de cantería e o forxado dos balcóns confírenlle o carácter elegante propio da época.

4. Antigo Hotel España

De estilo ecléctico, aínda conserva a súa fachada orixinal, na que se amosa a decoración propia deste estilo. A principios do século XX funcionou como un elegante lugar de hospedaxe.

5. Casa da Torre

Edificada no s. XVI pola familia Prego de Montaos, anexa a unha torre medieval, que lle dá o nome. Chama-da tamén “Casa do Conde de San Román e Maceda”, xa que foi a súa residencia. No s. XX albergou dependencias municipais.

6. Casa da Alfóndiga

Era coñecida como “Torre de Reboreda”, polo seu vínculo co Morgado da Casa de Reboreda dos Prego de Montaos. O nome actual venlle dado polo antigo mercado de sementes, que durante séculos se desenvolveu nesta rúa.

7. Igrexa de Santiago

Existía xa no s. XIII, aínda que o edificio actual responde ao estilo propio dos s. XV e XVI, con engadidos posteriores.

8. Cruceiro do Carballo

Foi construído no ano 1790. Tiña na cruz un pequeno candil de aceite sufragado polo gremio de mareantes, quen os acendían antes de saír ao mar. Neste lugar había un antigo carballo, baixo no que cando menos no s. XVII se desenvolvían os chamados “Concejos Abiertos” (reunións da veciñanza para a toma de decisións).

9. Casa caleada tradicional

De pequenas dimensións, seguindo a traza urbana medieval, aínda que a construción é posterior. Conserva os grosos muros caleados como era costume.

10. Casa de Casto Sampedro

Casa vilega, probablemente do s. XVIII, na que no ano 1848 naceu un dos máis importantes estudosos das artes e a cultura galegas. Casto Sampedro foi fundador da “Sociedad Arqueolóxica de Pontevedra” e membro da Real Academia Galega.

11. Antiga Casa do Concello

Construíuse no 1788 sobre o que foi en tempos un almacén de sal. Estaba caleado e destacaba na súa fachada un escudo da vila do ano 1700 que aínda conserva.

12. Casa Art Decó

Construída no primeiro terzo do século XX, conserva na súa totalidade a estrutura orixinal. Mestura elementos propios do estilo, como a xeometrización das formas decorativas, con elementos da arquitectura galega tradicional.

13. Casa da familia Bujones Gándara

Tamén de estilo ecléctico, construída no 1889. Presenta un gracioso xogo de volumes. O conxunto estaba formado por casa e xardín.

14. Hórreo da Esfarrapada

Situado na antiga Praza da Leña, en pleno barrio mariñeiro, aínda conserva as portas orixinais. É un modelo típico da zona de Pontevedra, con tornarratos circulares e construído con pedra e madeira.

15. Casas dos soportais

Casas mariñeiras, con soportais usados para gardar os aparellos de pesca e á vez de acubillo fronte ás inclemencias do tempo. Típicas das vilas mariñeiras en prazas ou rúas.

16. Casa vilega mariñeira

Casa típica de vila mariñeira de dous andares con corredor, na que destacan os grandes canzorros. Ten as grosas paredes caleadas, como acostumaban na maior parte das construcións da zona.

17. Viaduto a Pontevedra ou Viaduto Novo

Construído entre 1881 e 1884 pola “Compañía Maquinista Terrestre y Marítima de Barcelona”, e deseñado polo arquitecto Mariano Canderera.

18. Fonte do Mouro

O seu nome ven dado pola escultura reaproveitada dun antigo conxunto e colocada sobre o cano. En tempos, ás súas augas se lle atribuían propiedades curativas.

19. Capela de Santa Mariña

A actual construción data do 1870, levantada sobre outra anterior, tamén adicada á galega Santa Mariña. O seu interior alberga diferentes imaxes relixiosas de principios do s. XX do prestixioso escultor Ramón Núñez, formado na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando.

20. Casa fidalga

Casa vinculada á nobre familia dos Soutomaior. Casto Sampedro referíase a ela como “Casa de los Fensi de Florencia”. Antigamente tiña acaroadada unha pequena capela que se supón adicada ao San Telmo, patrón dos mareantes. O conxunto estaba a poucos metros do antigo Cabo dos Fumeiros, lugar no que tamén se afumeaba o peixe para a súa conservación.

21. Os Canastros

Grupo de canastros ou hórreos que en tempos foi maior, situados nunha zona alta da vila, aproveitando as *correntes de aire para a mellor conservación das colleitas.*

22. Casa vilega de tipo urbano

Construída probablemente no s. XVIII, con paredes caleadas, deixando á vista a decoración de placas. O andar superior foi engadido no s. XX.

23. Fonte de Santiago

Levantada en data descoñecida, aproveitando un antigo relieve do Apóstolo Santiago, pertencente a algún conxunto desaparecido. En tempos, chamábaselle Fonte das Regateiras, pois era alí onde as peixeiras lavaban as patelas, os cestos nos que portaban o peixe, fronte á antiga ribeira.

24. Casa da familia Criado

Casa burguesa de estilo ecléctico, construída no 1884. Destaca o traballo de cantería e a galería orixinal.

25. Casa indiana

Edificada para Avelino Giráldez Pazó a principios do s. XX. Presenta os elementos típicos destas construcións, adoptadas da arquitectura americana tropical, como o mirador e as varandas. No seu xardín destacan as especies exóticas, como a palmeira e o grande magnolio.

26. Cemiterio dos Eidos

Antigo cemiterio construído no s. XIX seguindo o regulamento da época, que dictaba a lonxanía por salubridade. No lugar repousan os restos de ilustres personaxes como o nobre irlandés John O'Dogherty, heroe da Guerra da Independencia.

27. Cheminea Regojo

Elemento testemuñal da antiga fábrica de camisas que se situaba nese lugar. Regojo foi coñecido internacionalmente por producir a famosa Camisa Dalí.

28. Convento de Vilavella

Fundado no s. XVI polos Prego de Montaos, supostamente aproveitando unha antiga torre. No s. XX foi adaptado a vivenda polo propietario das Conservas JOB.

As Orixes


Aínda que se descoñece a orixe primitiva da actual vila todo apunta a unha progresiva ocupación do val, tendo en conta a aparición de restos de poboados do Calcolítico e da Idade do Bronce na zona máis alta, na contorna do Monte Carrascal, onde ademais se atoparon restos dun asentamento romano.

Vilanova de Redondela

No século XIII o Arcebispo de Santiago decide fundar Vilanova de Redondela co fin de abrir os seus territorios ao mar e manter o control sobre a ruta xacobeá que cruza o territorio seguindo a antiga Vía Romana.

A nova vila sería independente dunha anterior chamada Vilavella, que estivo baixo dominio da Orde do Temple ata o século XIV, cando pasa por doazón real á catedral de Tui. Esta separación, marcada por unha pequena ponte sobre o río, mantívose ata o século XIX.

Vilanova abriase ao mundo a partir dun pequeno porto desde o que se exportaban toneladas de sardiña, cuxas capturas foron importantes durante os séculos XV e XVI. A este momento de esplendor pertence a actual igrexa de Santiago de Redondela, coas súas graciosas cúpulas nervadas e a tumba de Don Vasco Machado, un nobre ao que se deu sepultura no século XVI.



Na parroquia de Santiago de Redondela atópase este relicario barroco de San Sebastián que se expón na festividade do Santo. Segundo a tradición, garda ósos de San Sebastián e de San Lorenzo. Ademais, o templo acolle pezas de importante calidade artística como o retablo da Inmaculada Concepción ou a imaxe da Virxe Dolorosa atribuída ao escultor Fernán Núñez.



A Vila Mariñeira

O armazón de da zona ve- á primitiva medieval.



Por unha ban- cercada (estívoo

da estaba a vila polo menos desde o século XIV) á que se accedía por varias portas e portelos. Desá muralla tan só quedan restos ao redor da igrexa de Santiago.




Pola outra o barrio mariñeiro, extramuros e desenvolvido a partir do pequeno porto de marea e a ruta xacobeá. Aínda hoxe na toponimia local quedan testemuños dese pasado vinculado ao mar: Rúa das Regateiras, Cabo dos Fumeiros, Campo das Redes, Ribeira... Estendíase desde a "Porta da Vila" ata Santa Mariña.

Chegaba ata o alto da Esfarrapada, onde había unha capela dedicada ao Espírito Santo. Baixaba ata a zona da ribeira e de alí ao estaleiro, hoxe Praza da Constitución.

As casas mariñeiras, cos seus tellados a dúas augas, os seus muros encalados e os aparellos de pesca na porta, repartíanse o espazo entre hórreos para gardar as colleitas, e algunha casa nobre como a dos Sotomayor no Cabo dos Fumeiros. John O'Dogherty, nobre irlandés considerado un dos heroes da Guerra de Independencia, viviu e morreu no século XIX na Rúa Loureiro. En tempos estivo neste barrio a Casa do Concello.


Tipos populares de Redondela



A Biscoiteira

Esta entrañable imaxe aparecida na prensa de 1921 ilustrando reportaxes sobre Redondela, estendeu a súa fama grazas aos indianos, que a colocaban nas súas casas en recordo da súa terra.

A Modernidade



Sen dúbida a chegada do ferrocarril tivo moito que ver na transformación da antiga vila. A finais do século XIX e principios do XX aparece unha nova sociedade vinculada ao mundo dos negocios, que fai vivendas acordes ao seu moder- te estilo de ticismo do- con- que tamén plos de art Nesta épo- tamén os indianos que súas casas de Coa canalización do río nos anos vinte, os espazos ga- ñados ao mar e a sedi- mentación da zona, o porto vai quedando en desuso. Na década dos sesenta, coa construción do peirao de Cesantes, a actividade portuaria da vila chega ao seu fin.



no e elegan- vida. O eclec- mina nestas cións, aínda hai exem- nouvea. ca volven adiñeirados levantan as estilo colonial.

Os Viadutos

A construción dos dous viadutos do tren na segun- da metade do século XIX supuxo o comezo da trans- formación da antiga vila mariñeira. Eran a imaxe do progreso e a modernidade.



A Coca

É a imaxe do demo que, en forma de dragón, era vencido por San Xurxo na representación que antigamente tiña lugar durante a procesión do Corpus Christi. Aínda hoxe sae polas rúas durante esas datas. É a máis antiga que se conserva en Galicia. A súa fama é tal que á celebración chámalle tamén *Festa da Coca*.



As Danzas de As Espadas e As Penlas

Son danzas gremiais que participan na procesión do Corpus Christi. A de "As Penlas" polo menos desde o século XVI. Estaba vinculada ás panadeiras e cuatilleras. É a única deste tipo que se conserva no mundo. A de "As Espadas" dependía da confraría de pescadores, que a bailaban tamén o día do seu patrón, San Xoán.

O motor económico ao longo do século XX foi principalmente a industria téxtil sobre todo a partir da segunda metade, cando a fábrica Regojo empregaba a boa parte da poboación. Da época queda a cheminea ornamental da fábrica e o recordo




da famosa Camisa Dalí, producida en colaboración co xenial artista, da que se venderon ao redor de dez millóns de unidades. Redondela fíxose así coñecida a nivel internacional.

AS CONSERVAS

Aínda que a tradición de conserva de pescado é secular na vila, a fabricación de conservas en lata chega a Redondela a principios do século XX, sendo curiosamente a zona máis afastada do mar, Vila- vella, onde se establecen pequenas empresas familiares. Na década dos trinta fúndase a marca Conservas JOB. O auxe do marisqueo na praia de Cesantes estivo estreitamente vinculado á demanda da fábrica, á que se vendía a práctica totalidade das capturas.



Imprenta Amador Pérez.



A VIFA3: QVEN SEMPRE: FAS
AQUI: FAS: QVEN SEMPRE: VELA
AQUI: FAS: XAN: CARALLAS
FUNDADOR: DI: REDONDELA

Xan Carallás

Unha inserción na fachada do antigo concello atribuíalle a fundación de Redondela. Castelao debuxouno como un mariñeiro rudo e socarrón. Foi a súa particular visión dun personaxe do que pouco se sabe, aínda que a súa orixe podería estar vinculado ás Festas do Corpus.

Os Canastros

Utilizábanse para conservar as colleitas, principalmente de millo. Hoxe en día son testemuño dunha sociedade campesiña e mariñeira á vez, que se mantivo ata mediados do século XX.



Aínda hoxe Redondela mantén vivo o espírito da antiga vila mariñeira, que foi polo menos desde o século XIII. As suas rúas e prazas empedradas salpicadas de hórreos, cruceiros e fontes fronte ao mar chamaron a atención de viaxeiros durante séculos. Os aterramentos de principios do século XX realizados para canalizar o río serviron para que a vila seguise crescendo sobre o mar. Son coñecidos os viadutos, os chocos, as camelias do Pazo de Torres Agrelo, as Penlas, a Danza das Espadas e a Coca das festas do Corpus, como tamén o foron as camisas Dalí, que puxeron a Redondela no mapa internacional da moda a mediados do século XX. Esta guía axudarache a descubrir como evolucionou a localidade ao longo da historia, grazas en gran medida ás anotacións que do pasado fixo Casto Sampedro y Folgar.

Casto Sampedro y Folgar

Naceu en Redondela en 1848. Avogado, arqueólogo e folclorista, é unha figura singular da nosa cultura polo labor de recuperación e difusión do patrimonio, a etnografía e a cultura galega. O seu Cancionero Musical de Galicia é un referente na recuperación do patrimonio musical galego.



Arquivo Museo de Pontevedra.



CONCELLO DE
REDONDELA

Redondela é Cultura

